

# Os versos doces e firmes dunha muller atravesada polo dó, na nova obra de Álvarez Landesa

FICHA TÉCNICA: 66 pp. 14 x 21 cms.  
ISBN 978-84-18567-63-6. PAPEL FSC. PVP: 14, 50 €



«A voz inmaculada dunha muller orfa que sabe que perdeu a súa condición de filla». Así define os novos versos de María Álvarez Landesa a tamén poeta Míriam Ferradáns, no limiar a esta obra, **OS POZOS ELEGANTES DAS CLAVÍCULAS**, na que a autora rende homenaxe á súa nai. O libro inclúe un código QR onde escoitar á autora recitando algúns dos seus poemas.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO 2024.- O novo libro de poemas de María Álvarez Landesa, que leva por título **OS POZOS ELEGANTES DAS CLAVÍCULAS** (Alvarellos Editora, 2024) ofrécenos, en palabras da autora do limiar, **Míriam Ferradáns**, «a voz inmaculada dunha muller orfa que sabe que perdeu a súa condición de filla».

»A través dunha retrospectiva tenra, madura e, en certo modo, irreverente, viaxamos canda ela a **unha infancia en primeira persoa, a unha continua poética da apelación do nós**.

»Indefensa, a poeta percorre distintos períodos vitais á **intemperie**. A súa voz coloniza un libro inzado dunha **dozura suave pero firme** como única ferramenta posible.

Convídevos a gozar desta paisaxe. Permitirnos a **delicia da tristeza** que nos ofrece **OS POZOS ELEGANTES DAS CLAVÍCULAS** é unha pausa necesaria».

POEMAS RECITADOS POLA AUTORA

O libro inclúe un **código QR onde poder escoitar á autora recitando** algúns destes poemas, sobre as bases musicais de **Paco Dicenta**.

**María Álvarez Landesa** (Vigo, 1970). Era moi noviña cando aprendeu que, na area mollada da praia, podía xogar coas letras e escribir todas as historias que xa inventara o vento. Entre Vigo, Santiago de Compostela e Dijon estudou Filoloxía Hispánica polo pracer de vivir nas palabras. Tamén nos libros. Dá aulas para aprender un pouco máis cada día e forma parte do colectivo de escrita feminista *As Comadres das Letras*, con quen en 2023 publicou a obra coral *Contármonos* (Alvarellos Editora). De 2022 é o seu libro *Como dúas crebas*, que viu a luz da man das súas compañeiras. «Son ginkgo biloba no outono, faísca no inverno, candeia na primavera e limoada no verán. Pés na terra e rizos onde aniñar, gústame sentir que a vida é pura sinestesia para deixar que o verso limpo se encargue da evocación».



© Eva Teixeiro

Para contactar coa autora:  
malandesa.mai@gmail.com

